

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes

R.P. 2017/39381 pola que se aproban Bases reguladoras da programación da Rede Cultural da Deputación da Coruña e convocatoria para 2018

BASES REGULADORAS DA PROGRAMACIÓN DA REDE CULTURAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA E CONVOCATORIA PARA 2018

A Deputación da Coruña, co obxecto de contribuír á difusión e á promoción da música, do folclore, do teatro, da danza, do cine e das demais manifestacións artísticas na provincia, por medio do coñecemento das actividades que se están a producir neste ámbito e do seu achegamento aos nosos concellos, e fomentando ao tempo o uso e normalización social da lingua galega e a defensa dos valores da igualdade de xénero, convoca os seguintes catro programas de difusión cultural:

ESCENA AO VIVO! Categoría profesional	Programa de espectáculos profesionais de teatro, monicreques, danza e música para concellos
VISIÓNS Categoría profesional	Programa de cinema e contidos audiovisuais para concellos
ALICERCE Categoría non profesional	Programa de grupos de música, danza e teatro non profesionais para concellos e entidades
LINGUA A ESCENA! Categoría profesional	Programa de espectáculos profesionais de música, teatro, danza, narración oral e monicreques con contidos específicos orientados á dinamización social da lingua galega, para concellos

Os programas ESCENA AO VIVO!, VISIÓNS e ALICERCE desenvólvense con cargo á aplicación orzamentaria: 0612/3343/22609. Importe: 1.860.000 €.

O programa LINGUA A ESCENA! desenvólvese con cargo á aplicación orzamentaria: 0111/3344/22699. Importe: 200.000 €.

Os importes dos créditos son os que se incluírán no Orzamento do 2018 e poderán ser obxecto de modificacións orzamentarias.

A presente convocatoria tramítase como expediente anticipado de gasto, polo que a súa aprobación queda sometida á condición suspensiva da entrada en vigor do Orzamento da Deputación do exercicio 2018, no que se conteñan os créditos adecuados e suficientes para atender ás solicitudes que se presenten.

Todos os programas citados, en conxunto, conforman o espazo de oferta cultural impulsada desde a Deputación, cos concellos e entidades sen ánimo de lucro da provincia, baixo a denominación conxunta de Rede Cultural.

Cada concello poderá participar do número de programas da Rede Cultural que decida, asumindo en cada caso as normas de funcionamento destes.

A tramitación dos programas será telemática. Este tipo de tramitación afectaralle ás fases de presentación de ofertas, solicitude das funcións e xustificación, nesta última fase só para concellos. Inclúiranse en cada unha das fases as notificacións e as comunicacións, os requirimentos de información e documentación e os envíos de documentación que fosen necesarios para tramitar os expedientes, agás na sinatura de convenios.

Os espectáculos incluídos nestes programas realizaranse no ámbito territorial da provincia da Coruña durante o ano da convocatoria.

A continuar desenvólvense as normas de funcionamento de cada un deles.

PROGRAMA ESCENA AO VIVO!**Programación de espectáculos profesionais de teatro, monicreques, danza e música para concellos**

ESCENA AO VIVO! Categoría profesional	Programa de espectáculos profesionais de teatro, monicreques, danza e música para concellos
---------------------------------------	---

1.1.-INSCRICIÓN DE PROPOSTAS ARTÍSTICAS.**Procedemento e normas de inscrición de espectáculos na Rede Cultural**

- Os artistas e compañías inscribíranse telematicamente na web que a Deputación da Coruña pon ao seu dispor para a xestión da Rede Cultural.
- Cada espectáculo requirirá a cobertura dunha ficha individual de inscrición, cuxo modelo estará a disposición das compañías e artistas na plataforma informática de inscrición dos espectáculos. Nela figurarán os seguintes campos: nome e datos da empresa, nome da compañía, nome do espectáculo proposto, sinopse artística, relación completa das persoas que forman parte do equipo artístico e do equipo técnico, importe do espectáculo (diferenciando con ou sen medios técnicos), relación das necesidades técnicas para o desenvolvemento do espectáculo, traxectoria artística do artista ou compañía.
- Cada artista ou compañía poderá inscribir (ou participar en) un máximo de 4 espectáculos. Un mesmo espectáculo poderá formar parte da Rede durante un máximo de 4 anos consecutivos.
- O importe dos cachés será fixado libremente polas compañías e intérpretes e constará, por unha banda, dunha cantidade en concepto de importe do espectáculo e, doutra, do importe do equipamento técnico necesario para a súa realización. O derradeiro non se aboará no caso de que sexa achegado polo Concello.
- Poderán participar do programa ESCENA AO VIVO! da Rede Cultural da Deputación da Coruña todas as compañías e artistas con domicilio fiscal en calquera concello da provincia da Coruña.
- A documentación que teñen que entregar as compañías e artistas é a seguinte:
 - a) Tarxeta NIF da entidade.
 - b) Escrituras da entidade.
 - c) Designación da persoa representante.
 - d) Declaración do/a representante de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar coa administración e de aceptación das bases da convocatoria.
 - e) Declaración de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
 - f) Documentación que acredite a alta no censo de empresarios e profesionais (art. 3 do RD 1065/2007) e a súa dedicación a actividades escénicas e/ou culturais.
 - g) Ficha de inscrición individual de cada espectáculo proposto

A documentación sinalada nos apartados a, b non terá que ser presentada se xa se presentou en anos anteriores e non houbo variación nela.

O defecto, erro ou ausencia na presentación das solicitudes á que se refire esta base deberá ser emendado no prazo de dez días desde a recepción do requirimento. Transcorrido este prazo sen atender o requirimento entenderase que o/a interesado/a desiste na súa petición.

Tendo en conta que a tramitación será telemática, a empresa ou artista deberá dispoñer dun enderezo de correo electrónico que non poderá variar ao longo de toda a tramitación do expediente, xa que as comunicacións se dirixirán ao devandito enderezo. Excepcionalmente, poderase modificar o enderezo inicial coa obriga de notificarlle esta circunstancia á Deputación.

1.2.-CONTRATACIÓN DE ESPECTÁCULOS.**Procedemento e normas de contratación de espectáculos por parte dos concellos**

- Os concellos realizarán a solicitude coa súa proposta de programación directamente na plataforma informática habilitada pola Deputación para estes efectos, a través da súa web.
- Na proposta de programación o concello fará constar: o nome das compañías/artistas, o nome dos espectáculos, as datas e lugares fixados para o desenvolvemento das actividades. No caso de que por algunha causa imprevista

se produza un cambio de lugar ou data dalgunha das funcións previstas o concello realizará aviso formal da mudanza á sección de Cultura da Deputación.

- Os concellos realizarán a súa proposta de programación cumprindo os requisitos e as normas que se expoñen a seguir:
- Concellos menos de 5.000 hab.: Mínimo de 3 espectáculos (deberá incluír música e teatro/monicreques).
- Concellos 5.000- 10.000 hab.: Mínimo de 4 espectáculos (deberá incluír música e teatro/monicreques).
- Concellos 10.000-20.000 hab.: Mínimo de 5 espectáculos (deberá incluír teatro/monicreques, música e danza).
- Concellos 20.000-50.000 hab.: Mínimo de 6 espectáculos (deberá incluír teatro/monicreques, música e danza).
- Concellos máis 50.000 hab.: Mínimo de 7 espectáculos (deberá incluír teatro/monicreques, música e danza).

Os concellos deberán achegar a seguinte documentación:

- Declaración de estar ao corrente das obrigas tributarias, coa Deputación e coa Seguridade Social.
- Autorización para que a Deputación poida obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigacións e ordenar os pagamentos das funcións.

O defecto, erro ou ausencia na presentación da solicitude a que se refire esta base deberá ser emendado no prazo de dez días desde a recepción do requirimento. Transcorrido este prazo sen atender o requirimento entenderase que o/a interesado/a desiste na súa petición.

1.3.-DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN.

Procedemento, normas e obrigas para o desenvolvemento da programación

A Deputación da Coruña promove o cobro de entrada como práctica necesaria para a valorización do feito cultural e a profesionalización dos sectores artísticos, polo que os concellos poderán establecer libremente o cobro de entrada para os espectáculos, con prezos que garantan a posibilidade de acceso do conxunto da poboación ás propostas culturais.

Obrigas dos Concellos

- Organizar as funcións e velar polo seu correcto desenvolvemento, así como proporcionar o persoal de vixilancia que se precise.
- Contratar as funcións que teñan adxudicadas.
- Poñer a disposición dos grupos o persoal necesario para axudar á carga e descarga do material. Garantir o cumprimento das necesidades técnicas acordadas coas compañías e artistas, así como o bo estado, limpeza e correcto acondicionamento dos espazos escénicos.
- Realizar a publicidade das funcións. Difundir adecuadamente a celebración dos espectáculos contratados, indicando expresamente nos soportes de difusión (carteis, cuñas radiofónicas, páxina web, redes sociais...) a pertenza da programación á Rede Cultural da Deputación da Coruña.
- Na difusión dos espectáculos nas redes sociais (twitter, facebook) vincular ou citar nos contidos de difusión aos perfís da área de Cultura da Deputación da Coruña: en twitter @DACCultura e en facebook o perfil facebook.com/Culturadac
- Realizar un traballo adecuado de xestión de asistencia, que incluírá:
 - Peche do espazo unha vez comezada a función.
 - Cobertura e envío telemático á Deputación, para efectos estatísticos, dunha ficha de control de cada función no prazo de 15 días posteriores ao desenvolvemento desta. Nesa ficha incluírase a información seguinte: data, hora e espazo de celebración da actividade, nome do artista e do espectáculo, prezo de entrada (se houber), capacidade do espazo de actuación, número de persoas asistentes.
- Comprobar, antes do comezo da función, que as compañías profesionais teñen aos artistas e profesionais dados de alta na Seguridade Social no momento de realizar a actuación. Esta comprobación farase a través da presentación dos documentos de alta na Seguridade Social.
- Cubrir mediante póliza de seguro os riscos de accidentes, así como os de responsabilidade civil que se poidan derivar da realización das funcións, coas seguintes coberturas mínimas:
 - * Responsabilidade civil para todo o persoal implicado na actividade, cun límite mínimo de indemnización de 100.000 €.

* Accidentes, que incluirá, como mínimo, as seguintes garantías: morte: 12.000 € e invalidez: 12.000 €.

- Expedir documentos acreditativos da realización das funcións feitas: declaración, certificación ou calquera outro no que se acredite a realización da función.
- Someterse ás actuacións de comprobación da Deputación, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes.
- Aboar os gastos correspondentes ás axencias de propiedade intelectual e artística correspondentes (SGAE, DAMA...).
- Aboar aos artistas a totalidade do importe do espectáculo, anticipando, se for necesario, o importe que aboa a Deputación.

Obrigas dos artistas

O programa ESCENA AO VIVO!, recollendo unha demanda histórica do sector das artes escénicas do noso país, convócase como un programa destinado unicamente a compañías e propostas artísticas de carácter profesional. Para garantir esta condición, a Deputación da Coruña esixirá as seguintes obrigas:

- As compañías de teatro profesional cumprirán co disposto no I Convenio colectivo de actores e actrices de teatro de Galicia (aprobado por resolución do 18 de marzo de 2009, da Dirección Xeral de Relacións Laborais) e as súas posteriores modificacións.
- As compañías inscritas na Rede Cultural, ben baixo o seu CIF ben baixo o doutra empresa que xestione a distribución do seu espectáculo, deberán presentar á Deputación da Coruña documentación que acredite a alta no censo de empresarios e profesionais (art. 3 do RD 1065/2007) e a súa dedicación a actividades escénicas e/ou culturais.
- Entregar aos responsábeis da programación dos concellos, antes do comezo das funcións, copia dos documentos de alta na Seguridade Social das e dos profesionais que participan no espectáculo. A Deputación da Coruña, así mesmo, poderá desenvolver controis periódicos e aleatorios ás compañías antes do comezo dos espectáculos, en que serán solicitados os modelos de cotización RNT (Recibo Nominal de Traballadores e Traballadoras).
- Someterse ás actuacións de comprobación da Deputación, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes.
- Realizar as funcións nos lugares previstos.
- Aboar os gastos de transporte e seguros do equipo de actuación e material, gastos de persoal, impostos e Seguridade Social.
- Expedir facturas legais polas funcións realizadas e, se for o caso, a que corresponda do equipamento técnico necesario para a realización da función.
- Achegar todo o equipamento técnico necesario para poder facer a función (instrumentos, equipo de proxección, de son...), agás que o achegue o Concello.
- Deixar o local no estado en que o atoparon.

Obrigas da Deputación

- Desenvolver o control e seguimento da programación aprobada, así como garantir o seu correcto funcionamento e o cumprimento das obrigas laborais, técnicas e organizativas de cada unha das partes (concellos e artistas).
- Garantir a posibilidade de consulta pública, a través da súa web, da programación final aprobada para cada concello. Garantirase a posibilidade de acceso á información por artista ou compañía, data e espazo cultural/entidade/concello. Igualmente no apartado “Consulta de Actuacións” posibilitarase a consulta dos datos completos das fichas de cada espectáculo contratado.
- Desenvolver estratexias e iniciativas de difusión social da programación da Rede Cultural.
- Cofinanciar os espectáculos incluídos na Rede, mediante as achegas que correspondan segundo o sinalado na base 5.2.

PROGRAMA VISIÓNIS!

Programación de cinema e contidos audiovisuais para concellos

PROGRAMA VISIÓNIS
Categoría profesional

Programa de cinema e contidos audiovisuais para concellos

2.1.-INSCRIPCIÓN DE PROPOSTAS ARTÍSTICAS.

Procedemento e normas de inscrición de propostas audiovisuais na Rede Cultural

- As empresas audiovisuais inscribirán as súas propostas telematicamente na plataforma informática que a Deputación da Coruña pon ao seu dispor para a xestión da Rede Cultural.
- O programa de cinema terá dúas seccións diferenciadas:

A. Producción propia galega. Estará orientada ao apoio á difusión dos filmes, documentarios e creacións audiovisuais das empresas e produtoras audiovisuais galegas.

B. Propostas xerais. Orientado ás propostas de produción non galega e/ou natureza comercial.

- No caso de ofertas presentadas para a sección B (Propostas xerais), cada empresa do ámbito audiovisual inscrita na Rede poderá inscribir un máximo de 15 propostas audiovisuais. As pezas audiovisuais desta opción B deben ter a data de autorización do ICAA (Instituto de la Cinematografía y de las Artes Audiovisuales) anterior ao 1 de xaneiro da ano anterior. Poderán programarse filmes cunha antigüidade inferior a un ano sempre que a empresa exhibidora acredite as autorizacións pertinentes contempladas na Lei do cine.
- Cada audiovisual proposto polas empresas requirirá a cobertura dunha ficha técnica individual de inscrición, cuxo modelo estará a disposición das compañías e artistas na web de inscrición dos espectáculos. Nela figurarán os seguintes campos: nome e datos da empresa, nome do audiovisual proposto, xénero, sinopse artística, relación do equipo artístico e técnico.
- Cada proposta audiovisual incluída na Rede deberá indicar o seu prezo en función das seguintes tres posibilidades:
- Prezo por proxección, sen equipamento técnico por parte da empresa. Non poderá superar os 300 euros.
- Prezo da cobertura técnica (equipo de proxección, pantalla, cadeiras), caso de esta non ser achegada polo concello.
- Prezo por proposta de actividades paralelas (actividades paralelas de reforzo: presentación, charla, debate, exposición, coloquio...).

Os prezos inclúen, en todos os casos, a cobertura obrigatoria e presencial da empresa audiovisual -a través dunha persoa técnica- do día da proxección, para garantir un correcto desenvolvemento desta.

- Poderán participar do programa VISIONS da Rede Cultural da Deputación da Coruña - sexa na sección A ou B - unicamente empresas audiovisuais con domicilio fiscal en calquera concello da provincia da Coruña
- A documentación que han presentar as empresas cinematográficas será a seguinte:

a) Tarxeta do NIF da empresa.

b) Escrituras.

c) Designación do/a representante.

d) Declaración do/a representante de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar coa administración e de aceptación das bases da convocatoria.

e) Declaración de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

f) Declaración de ter as autorizacións legais necesarias para a exhibición das películas.

g) Ficha técnica do audiovisual proposto.

A documentación sinalada nos apartados a, b non terá que ser presentada se xa se presentou en anos anteriores e non houbo variación nela.

O defecto, erro ou ausencia na presentación das solicitudes á que se refire esta base deberá ser emendado no prazo de dez días desde a recepción do requirimento. Transcorrido este prazo sen atender o requirimento entenderase que o/a interesado/a desiste na súa petición.

Tendo en conta que a tramitación será telemática, a empresa deberá dispoñer dun enderezo de correo electrónico que non poderá variar ao longo de toda a tramitación do expediente, xa que as comunicacións se dirixirán ao devandito enderezo. Excepcionalmente, poderase modificar o enderezo inicial coa obriga de notificarlle esta circunstancia á Deputación.

2.2.-CONTRATACIÓN DE PROPOSTAS AUDIOVISUAIS.

Procedemento e normas de contratación por parte dos concellos

- Os concellos realizarán a solicitude coa súa proposta de programación directamente na plataforma informática habilitada pola Deputación para estes efectos, na súa web.

- Na proposta de programación os concellos farán constar: o nome das empresas audiovisuais, o nome das pezas audiovisuais seleccionadas, as datas e lugares fixados para a súa proxección. No caso de que, por algunha causa imprevista se produza un cambio de lugar ou data dalgunha das funcións previstas, o concello realizará aviso formal da mudanza á sección de Cultura da Deputación.
- Os concellos realizarán a súa proposta de programación podendo solicitar un máximo de 8 proxeccións, das cales un mínimo do 50% debe ser produción propia galega.

Os concellos deberán achegar a seguinte documentación:

- A declaración de estar ao corrente das obrigas tributarias, coa Deputación e coa Seguridade Social.
- Autorización para que a Deputación poida obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigacións e ordenar os pagamentos das funcións.

O defecto, erro ou ausencia na presentación das solicitudes á que se refire esta base deberá ser emendado no prazo de dez días desde a recepción do requirimento. Transcorrido este prazo sen atender o requirimento entenderase que o/a interesado/a desiste na súa petición.

2.3.-DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN.

Procedemento, normas e obrigas para o desenvolvemento da programación

A Deputación da Coruña promove o cobro de entrada como práctica necesaria para a valorización do feito cultural e a profesionalización dos sectores artísticos, polo que os concellos poderán establecer libremente o cobro de entrada para os espectáculos, con prezos que garantan a posibilidade de acceso do conxunto da poboación ás propostas culturais.

Obrigas dos Concellos

- Organizar as proxeccións e velar polo seu correcto desenvolvemento, así como proporcionar o persoal de atención e vixilancia que se precise.
- Contratar as proxeccións que teñan adxudicadas.
- Poñer a disposición das empresas o persoal necesario para axudar á carga e descarga do material. Garantir o cumprimento das necesidades técnicas acordadas coa empresa audiovisual, así como o bo estado, limpeza e correcto acondicionamento dos espazos escénicos.
- Realizar a publicidade das proxeccións. Difundir adecuadamente a proxección dos espectáculos contratados, indicando expresamente nos soportes de difusión (carteis, cuñas radiofónicas, páxina web, redes sociais...) a pertenza da programación á Rede Cultural da Deputación da Coruña. De cara a crear hábitos de asistencia nos públicos, promoverase a proxección dos filmes seleccionados cun formato temporal unitario (ciclo, semana, mostra...).
- Na difusión dos filmes nas redes sociais (twitter, facebook) vincular ou citar nos contidos de difusión aos perfís da área de Cultura da Deputación da Coruña: en twitter @DACCultura e en facebook o perfil facebook.com/Culturadac
- Cubrir e enviar telematicamente á Deputación, para efectos estatísticos, unha ficha de control de cada función no prazo de 15 días posteriores ao desenvolvemento desta. Nesa ficha incluírase a información seguinte: data, hora e espazo de celebración da actividade, nome da proxección, capacidade do espazo de actuación, número de persoas asistentes.
- Realizar un traballo adecuado de xestión de asistencia, que incluírá a cobertura e envío telemático á Deputación da ficha de control da cada proxección. Nesa ficha incluírase a información seguinte: data, hora e espazo de proxección, título do audiovisual e nome da empresa, prezo de entrada (se houber), capacidade do espazo de proxección, número de persoas asistentes.
- Cubrir mediante póliza de seguro os riscos de accidentes, así como os de responsabilidade civil que se poidan derivar da realización das proxeccións, coas seguintes coberturas mínimas:
 - * Responsabilidade civil para todo o persoal implicado na actividade, cun límite mínimo de indemnización de 100.000 €.
 - * Accidentes, que incluírá, como mínimo, as seguintes garantías: morte: 12.000 € e invalidez: 12.000 €
- Expedir documentos acreditativos da realización das proxeccións feitas: declaración, certificación ou calquera outro no que se acredite a súa realización.
- Someterse ás actuacións de comprobación da Deputación, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes.

- Aboar os gastos correspondentes ás entidades de xestión de dereitos que proceda en cada caso (SGAE, DAMA...).
- Aboar aos artistas a totalidade do importe do espectáculo, anticipando, se for necesario, o importe que aboa a Deputación.

Obrigas das empresas audiovisuais

- Realizar as proxeccións nos lugares previstos e proporcionar aos concellos o persoal técnico preciso para o desenvolvemento da proxección.
- Aboar os gastos de transporte e seguros do equipo de actuación e material, gastos de persoal, impostos e Seguridade Social.
- Expedir facturas legais polas proxeccións realizadas e, se for o caso, a que corresponda do equipamento técnico necesario para a súa realización.
- Achegar todo o equipamento técnico necesario para poder facer a proxección, agás que o achegue o Concello. As proxeccións do programa VISIÓNS poderán realizarse en DCP (Digital Cinema Package), Blu-ray, 35mm ou 16 mm. O proxector deberá contar, como mínimo, cunha resolución FULL HD (1920 x 1080) e cunha potencia de 10.000 lumens. A pantalla terá como mínimo 4x2,5 metros. Para proxeccións en exterior, ademais, a empresa disporá de cadeiras para o público e equipo de son.
- Enviar a un técnico para garantir un correcto desenvolvemento de todas as proxeccións.
- Contar coas autorizacións legais necesarias para a exhibición pública dos filmes.
- Deixar o local no estado en que o atoparon.
- Entregar ás persoas responsábeis da programación dos concellos, antes do comezo das proxeccións, copia dos documentos de alta na Seguridade Social da persoa ou persoas profesionais encargadas da proxección do filme.
- Someterse ás actuacións de comprobación da Deputación, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes.

Obrigas da Deputación

- Desenvolver o control e seguimento da programación aprobada, así como garantir o seu correcto funcionamento e o cumprimento das obrigas de cada unha das partes (concellos e empresas audiovisuais).
- Garantir a posibilidade de consulta pública, a través da súa web, da programación final aprobada para cada concello. Garantirase a posibilidade de acceso á información por artista ou compañía, data e espazo cultural/entidade/concello. Igualmente no apartado “Consulta de Actuacións” posibilitarase a consulta dos datos completos das fichas de cada espectáculo contratado.
- Desenvolver estratexias e iniciativas de difusión social da programación da Rede Cultural.
- Cofinanciar os espectáculos incluídos na Rede, mediante as achegas que correspondan segundo o sinalado na base 5.2.

PROGRAMA ALICERCE

Programación de música, danza e teatro para grupos non profesionais

Categoría non profesional	Programa de música, danza e teatro para grupos non profesionais
---------------------------	---

3.1.-INSCRICIÓN DE PROPOSTAS ARTÍSTICAS.

Procedemento e normas de inscrición de espectáculos na Rede Cultural

- Os artistas e compañías inscribíranse telematicamente na plataforma informática que a Deputación da Coruña pon ao seu dispor para a xestión da Rede Cultural.
- Cada espectáculo requirirá a cobertura dunha ficha individual de inscrición, cuxo modelo estará a disposición das compañías e artistas na plataforma informática na que se inscriban os espectáculos. Nela figurarán os seguintes campos: nome e datos da entidade, nome do grupo, nome do espectáculo proposto, relación completa das persoas que forman parte do equipo artístico e técnico, sinopse artística, importe do espectáculo e necesidades técnicas para o desenvolvemento do espectáculo, traxectoria artística da agrupación.
- Cada artista ou compañía poderá inscribir (ou participar en) un máximo de 4 espectáculos. Un espectáculo poderá formar parte da Rede durante un máximo de 4 anos consecutivos.

- O importe dos cachés será fixado segundo o seguinte criterio:

Grupos de ata 5 membros	——Máximo 310 €/actuación
Grupos de entre 6 e 10 membros	——Máximo 580 €/actuación
Grupos de entre 11 e 15 membros	——Máximo 850 €/actuación
Grupos de entre 16 e 20 membros	——Máximo 1.120 €/actuación
Grupos de entre 21 e 25 membros	——Máximo 1.390 €/actuación
Grupos de entre 26 e 30 membros	——Máximo 1.660 €/actuación
Grupos de entre 31 e 35 membros	——Máximo 1.930 €/actuación
Grupos de máis de 35 membros	——Máximo 2.200 €/actuación

Os/as participantes no programa ALICERCE deberán realizar as actuacións fóra do termo municipal en que estean radicados.

Non poderán participar grupos infantís cuxos/as compoñentes sexan menores de 13 anos, agás as corais.

Poderán participar do programa ALICERCE da Rede Cultural da Deputación da Coruña todas as compañías, grupos e artistas non profesionais con domicilio fiscal na provincia da Coruña.

Deberán entregar a seguinte documentación:

- a) Tarxeta do NIF da entidade (agás grupos de titularidade municipal).
- b) Certificación dos datos bancarios, segundo modelo oficial da Deputación (agás grupos de titularidade municipal).
- c) Nomeamento do/a representante para as súas relacións coa Deputación (os grupos de titularidade municipal, soamente resolución ou acordo de solicitude do Concello).
- d) Estatutos da entidade titular do grupo.
- e) Declaración do/a representante de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar coa administración e de aceptación das bases da convocatoria.
- f) Declaración de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- g) Autorización para que a Deputación poida obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesouraría da Seguridade Social nas que se acredite que o grupo ou intérprete está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigas e ordenar os pagamentos das actuacións.

A documentación sinalada nos apartados a, b, d non terá que ser presentada se xa se presentou en anos anteriores e non houbo variación nela.

O defecto, erro ou ausencia na presentación da solicitude a que se refire esta base deberá ser emendado no prazo de dez días desde a recepción do requirimento. Transcorrido este prazo sen atender o requirimento entenderase que o/a interesado/a desiste da súa petición.

Tendo en conta que a tramitación será telemática, o artista, grupo ou entidade deberá dispoñer dun enderezo de correo electrónico que non poderá variar ao longo de toda a tramitación do expediente, xa que as comunicacións se dirixirán ao devandito enderezo. Excepcionalmente, poderase modificar o enderezo inicial coa obriga de notificarlle esta circunstancia á Deputación.

3.2.-CONTRATACIÓN DE ESPECTÁCULOS.

Procedemento e normas de contratación de espectáculos por parte dos concellos e entidades

- Na programación ALICERCE, ademais dos concellos, poderán contratar propostas artísticas non profesionais as entidades sen ánimo de lucro da provincia, xuridicamente constituídas, que teñan entre as súas finalidades a promoción da cultura.
- No caso das asociacións, acreditarán un número mínimo de 25 socios/as na data da presentación, agás as excepcións que se poidan establecer.
- Os concellos e entidades realizarán a proposta de programación directamente no espazo telemático habilitado pola Deputación para estes efectos, a través da súa web.
- Na proposta de programación o concello ou entidade fará constar: o nome das compañías/artistas, o nome dos espectáculos, as datas e lugares fixados para o desenvolvemento das actividades. No caso de que, por algunha

causa imprevista, se produza un cambio de lugar ou data dalgunha das funcións previstas, o solicitante realizará aviso formal da mudanza á sección de Cultura da Deputación.

- As entidades sen fins de lucro poderán solicitar só unha contratación no programa ALICERCE. En ningún caso as actuacións contratadas poden ser de artistas ou grupos non profesionais radicados no propio termo municipal da entidade contratante.
- Os concellos e entidades realizarán a súa proposta de programación cumprindo os requisitos e as normas de cofinanciamento que se expoñen a seguir:

Os concellos e entidades poden solicitar, como máximo, o seguinte número de funcións:

PROGRAMA ALICERCE	N.º SOLICITUDES					
	Concellos máis de 50.000 hab.	Concellos de 20.000 a 50.000 hab.	Concellos entre 10.000 e 20.000 hab.	Concellos entre 5.000 e 10.000 hab.	Concellos menos de 5.000 hab.	Entidades
Programa de música e teatro para grupos non profesionais	7	6	5	4	3	1

Os solicitantes deberán achegar a seguinte documentación:

- A declaración de estar ao corrente das obrigas tributarias, coa Deputación e coa Seguridade Social.
- Autorización para que a Deputación poida obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigacións e ordenar os pagamentos das funcións.

O defecto, erro ou ausencia na presentación das solicitudes á que se refire esta base deberá ser emendado no prazo de dez días desde a recepción do requirimento. Transcorrido este prazo sen atender o requirimento entenderase que o/a interesado/a desiste da súa petición.

Unha vez realizada pola Deputación a confirmación e adxudicación final das programacións, asinaranse os correspondentes convenios. No caso das programacións adxudicadas aos concellos, os convenios asinaranse entre a Deputación e os concellos e neles incluírase a totalidade das adxudicacións.

Serán causas de resolución do convenio o incumprimento de calquera das bases da convocatoria e a non realización das funcións sen causa xustificada.

3.3.-DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN

Procedemento, normas e obrigas para o desenvolvemento da programación

Obrigas Concellos e Entidades contratantes

- Organizar as funcións e velar polo seu correcto desenvolvemento, así como proporcionar o persoal de vixilancia que se precise.
- Contratar as funcións que teñan adxudicadas.
- Poñer a disposición dos grupos o persoal necesario para axudar á carga e descarga do material. Garantir o cumprimento das necesidades técnicas acordadas coas compañías e artistas, así como o bo estado, limpeza e correcto acondicionamento dos espazos escénicos.
- Realizar a publicidade das funcións. Difundir adecuadamente a celebración dos espectáculos contratados, indicando expresamente nos soportes de difusión (carteis, cuñas radiofónicas, páxina web, redes sociais...) a pertenza da programación á Rede Cultural da Deputación da Coruña.
- Na difusión dos espectáculos nas redes sociais (twitter, facebook) vincular ou citar nos contidos de difusión aos perfís da área de Cultura da Deputación da Coruña: en twitter @DACCultura e en facebook o perfil facebook.com/Culturadac
- Cubrir e enviar telematicamente á Deputación, para efectos estatísticos, unha ficha de control de cada función no prazo dos 15 días posteriores ao desenvolvemento desta. Nesa ficha incluírase a información seguinte: data, hora e espazo de celebración da actividade, nome do artista e do espectáculo, capacidade do espazo de actuación, número de persoas asistentes.
- Cubrir mediante póliza de seguro os riscos de accidentes, así como os de responsabilidade civil que se poidan derivar da realización das funcións, coas seguintes coberturas mínimas:

* Responsabilidade civil para todo o persoal implicado na actividade, cun límite mínimo de indemnización de 100.000 €.

* Accidentes, que incluírá, como mínimo, as seguintes garantías: morte: 12.000 € e invalidez: 12.000 €.

- Expedir documentos acreditativos da realización das funcións feitas: declaración, certificación ou calquera outro no que se acredite a realización da función.
- Aboarles aos grupos a porcentaxe do importe que lles corresponda e realizar, no caso de entidades, o pagamento no prazo de dous meses desde que o grupo presente a factura.

Estes pagos realizaranse mediante formas de pagamento a terceiros que puideren acreditar mediante documento expedido por unha entidade financeira (transferencia bancaria, tarxeta de crédito, tarxeta de débito, cheque ou talón nominativo etc) no que queden identificadas a persoa ou entidade beneficiaria, o importe e a data de pagamento.

- Someterse ás actuacións de comprobación da Deputación, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes. A Deputación poderá requirir a presentación dos documentos que xustifiquen o citado pago.
- Aboar os gastos correspondentes ás entidades de xestión de dereitos que proceda en cada caso (SGAE, DAMA...)
- No caso dos concellos, aboar aos/ás artistas a totalidade do importe do espectáculo, anticipando, se for necesario, o importe que aboa a Deputación.

Obrigas das entidades e artistas non profesionais

- Realizar as funcións nos lugares previstos.
- Expedir facturas legais polas funcións realizadas.
- Achegar todo o equipamento técnico necesario para poder facer a función (instrumentos, equipo de proxección, de son...), agás que o achegue o Concello ou entidade.
- Someterse ás actuacións de comprobación da Deputación, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes.
- Deixar o local no estado en que o atoparon.

Obrigas da Deputación

- Desenvolver o control e seguimento da programación aprobada, así como garantir o seu correcto funcionamento e o cumprimento das obrigas laborais, técnicas e organizativas de cada unha das partes (concellos e artistas).
- Garantir a posibilidade de consulta pública, a través da súa web, da programación final aprobada para cada concello. Garantirase a posibilidade de acceso á información por artista ou compañía, data e espazo cultural/entidade/concello. Igualmente no apartado “Consulta de Actuacións” posibilitarase a consulta dos datos completos das fichas de cada espectáculo contratado.
- Desenvolver estratexias e iniciativas de difusión social da programación da Rede Cultural.
- Cofinanciar os espectáculos incluídos na Rede, mediante as achegas que correspondan segundo o sinalado na base 5.2.

4.-PROGRAMA LINGUA A ESCENA!

Programa de espectáculos profesionais de música, teatro, danza, narración oral e monicreques con contidos específicos orientados á dinamización social da lingua galega, para concellos

LINGUA A ESCENA! Categoría profesional	Programa de espectáculos profesionais de música, teatro, danza, narración oral e monicreques con contidos específicos orientados á dinamización social da lingua galega, para concellos
---	---

O programa LINGUA A ESCENA! nace na Rede Cultural 2018 co obxectivo de favorecer a programación artística, por parte dos concellos, de espectáculos profesionais de música e artes escénicas especificamente destinados á dinamización social da lingua galega.

Trátase pois de espectáculos que abordan -desde a música, o teatro, a danza, a narración oral e/ou o teatro de monicreques- contidos de carácter sociolingüístico orientados a favorecer a vivencia positiva do noso idioma propio, a estima e valorización individual e social deste e o combate aos tópicos e prexuízos que afectan á súa normalización social.

Xa que logo LINGUA A ESCENA! nace con vontade de contribuír á posta en valor da lingua galega, ao incremento do seu uso e prestixio, á socialización en galego da infancia e da mocidade e á toma de consciencia sociolingüística da poboación da provincia da Coruña, sempre desde unha perspectiva favorábel á diversidade lingüística e cultural e ao coñecemento e valorización de todas linguas, a comezar pola propia, a galega.

Con LINGUA A ESCENA! a Deputación da Coruña pon en colaboración directa ás áreas de Cultura e de Normalización Lingüística no campo da programación cultural, colaboración que se entende tamén desexábel entre os SNL e os departamentos municipais de Cultura dos diferentes concellos da provincia.

4.1.-INSCRICIÓN DE PROPOSTAS ARTÍSTICAS.

Procedemento e normas de inscrición de espectáculos na Rede Cultural

- As e os artistas e compañías inscribíranse telematicamente na web que a Deputación da Coruña pon a disposición deles para a xestión da Rede Cultural.
- Poderán inscribirse no programa LINGUA A ESCENA! unicamente espectáculos musicais ou escénicos que aborden de xeito específico contidos sociolingüísticos e de dinamización social da lingua galega.
- Non se poderán inscribir en LINGUA A ESCENA! espectáculos xa inscritos noutros programas da Rede Cultural.
- Cada espectáculo requirirá a cobertura dunha ficha individual de inscrición, cuxo modelo estará a disposición das compañías e artistas na plataforma informática de inscrición dos espectáculos. Nela figurarán os seguintes campos: nome e datos da empresa, nome da compañía, nome do espectáculo proposto, sinopse artística, relación completa das persoas que forman parte do equipo artístico e do equipo técnico, importe do espectáculo (diferenciando con ou sen medios técnicos), relación das necesidades técnicas para o desenvolvemento do espectáculo, traxectoria artística do artista ou compañía.
- Cada artista ou compañía poderá inscribir (ou participar en) un máximo de 4 espectáculos. Un mesmo espectáculo poderá formar parte da Rede durante un máximo de 4 anos consecutivos.
- O importe dos cachés será fixado libremente polas compañías e intérpretes e constará, dunha banda, dunha cantidade en concepto de importe do espectáculo e, doutra, do importe do equipamento técnico necesario para a súa realización. O derradeiro non se aboará no caso de que sexa achegado polo Concello.
- Poderán participar do programa LINGUA A ESCENA! da Rede Cultural da Deputación da Coruña todas as compañías e artistas con domicilio fiscal en calquera concello da provincia da Coruña.
- A documentación que han entregar as compañías e artistas é a seguinte:
 - a) Tarxeta NIF da entidade
 - b) Escrituras da entidade
 - c) Designación da persoa representante
 - d) Declaración da persoa representante de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar coa administración e de aceptación das bases da convocatoria
 - e) Declaración de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social
 - f) Documentación que acredite a alta no censo de empresarios e profesionais (art. 3 do RD 1065/2007) e a súa dedicación a actividades escénicas e/ou culturais
 - g) Ficha de inscrición individual de cada espectáculo proposto

A documentación sinalada nos apartados a) e b) non terá que ser presentada se xa se presentou en anos anteriores e non houbo variación nela.

A Deputación da Coruña, desde a súa Unidade Técnica de Normalización Lingüística, conformará unha Comisión de Valoración de Espectáculos da que formarán parte persoas de recoñecido prestixio e traxectoria dentro do campo da cultura e da normalización social da lingua galega, que informará sobre a adecuación das distintas propostas inscritas aos obxectivos e á natureza do programa, podendo propoñer a exclusión daquelas que considere que non se axustan a estes. As propostas excluídas poderanse incluír no programa da Rede Cultural que corresponda.

O defecto, erro ou ausencia na presentación das solicitudes á que se refire esta base deberá ser emendado no prazo de dez días desde a recepción do requirimento. Transcorrido este prazo sen atender o requirimento entenderase que a persoa interesada desiste da súa petición.

Tendo en conta que a tramitación será telemática, a empresa ou artista deberá dispoñer dun enderezo de correo electrónico que non poderá variar ao longo de toda a tramitación do expediente, xa que as comunicacións se dirixirán ao

devandito enderezo. Excepcionalmente, poderase modificar o enderezo inicial coa obriga de notificarlle esta circunstancia á Deputación.

4.2.-CONTRATACIÓN DE ESPECTÁCULOS.

Procedemento e normas de contratación de espectáculos por parte dos Concellos

- Os concellos realizarán a solicitude coa súa proposta de programación directamente na plataforma informática habilitada pola Deputación para estes efectos, a través da súa web.
- Na proposta de programación o concello fará constar: o nome das compañías/artistas, o nome dos espectáculos, as datas e lugares fixados para o desenvolvemento das actividades. No caso de que, por algunha causa imprevista, se produza un cambio de lugar ou data dalgunha das funcións previstas o concello realizará aviso formal da mudanza á sección de Cultura da Deputación.
- Neste primeiro ano, e con previsión de aumentar os mínimos en anos sucesivos, os concellos realizarán a súa proposta de programación cumprindo os requisitos e as normas que se expoñen deseguido:
- GRUPO A. Concellos menos de 10.000 hab.: Mínimo de 1 espectáculo.
- GRUPO B. Concellos 10.000-25.000 hab.: Mínimo de 2 espectáculos.
- GRUPO C. Concellos de máis de 25.000: Mínimo de 3 espectáculos.

Nos casos dos grupos B e C as programacións deberán incluír cando menos un espectáculo escénico e un musical.

Os concellos deberán achegar a seguinte documentación:

- Declaración de estar ao corrente das obrigas tributarias, coa Deputación e coa Seguridade Social.
- Autorización para que a Deputación poida obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento de recoñecer as obrigacións e ordenar os pagamentos das funcións.

O defecto, erro ou ausencia na presentación da solicitude a que se refire esta base deberá ser emendado no prazo de dez días desde a recepción do requirimento. Transcorrido este prazo sen atender o requirimento entenderase que o/a interesado/a desiste da súa petición.

4.3.-DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN.

Procedemento, normas e obrigas para o desenvolvemento da programación

A Deputación da Coruña promove o cobro de entrada como práctica necesaria para a valorización do feito cultural e a profesionalización dos sectores artísticos, polo que os concellos poderán establecer libremente o cobro de entrada aos espectáculos con prezos que garantan a posibilidade de acceso do conxunto da poboación ás propostas culturais.

Obrigas dos Concellos

- Organizar as funcións e velar polo seu correcto desenvolvemento, así como proporcionar o persoal de vixilancia que se precise.
- Contratar as funcións que teñan adxudicadas.
- Poñer a disposición dos grupos o persoal necesario para axudar á carga e descarga do material. Garantir o cumprimento das necesidades técnicas acordadas coas compañías e artistas, así como o bo estado, limpeza e correcto acondicionamento dos espazos escénicos.
- Realizar a publicidade das funcións. Difundir adecuadamente a celebración dos espectáculos contratados, indicando expresamente nos soportes de difusión (carteis, cuñas radiofónicas, páxina web, redes sociais...) a pertenza da programación á Rede Cultural da Deputación da Coruña.
- Na difusión dos espectáculos nas redes sociais (twitter, facebook) vincular ou citar nos contidos de difusión aos perfís da área de Cultura da Deputación da Coruña: en twitter @DACCultura e en facebook o perfil facebook.com/Culturadac
- Realizar un traballo adecuado de xestión de asistencia, que incluírá:
 - Peche do espazo unha vez comezada a función.
 - Cobertura e envío telemático á Deputación, para efectos estatísticos, dunha ficha de control de cada función no prazo de 15 días posteriores ao desenvolvemento desta. Nesa ficha incluírase a información seguinte: data, hora e espazo de celebración da actividade, nome do artista e do espectáculo, prezo de entrada (se houber), capacidade do espazo de actuación, número de persoas asistentes.

- Comprobar, antes do comezo da función, que as compañías profesionais teñen aos artistas e profesionais dados de alta na Seguridade Social no momento de realizar a actuación. Esta comprobación farase a través da presentación dos documentos de alta na Seguridade Social.
- Cubrir mediante póliza de seguro os riscos de accidentes, así como os de responsabilidade civil que se poidan derivar da realización das funcións, coas seguintes coberturas mínimas:
 - * Responsabilidade civil para todo o persoal implicado na actividade, cun límite mínimo de indemnización de 100.000 €.
 - * Accidentes, que incluírá, como mínimo, as seguintes garantías: morte: 12.000 € e invalidez: 12.000 €.
- Expedir documentos acreditativos da realización das funcións feitas: declaración, certificación ou calquera outro no que se acredite a realización da función.
- Someterse ás actuacións de comprobación da Deputación, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes.
- Aboar os gastos correspondentes ás axencias de propiedade intelectual e artística correspondentes.
- Aboar aos/ás artistas a totalidade do importe do espectáculo, anticipando, se for necesario, o importe que aboa a Deputación.

Obrigas dos artistas

O programa LINGUA A ESCENA!, recollendo unha demanda histórica do sector das artes escénicas do noso país, convócase como un programa destinado unicamente a compañías e propostas artísticas de carácter profesional. Para garantir esta condición, a Deputación da Coruña esixirá as seguintes obrigas:

- As compañías de teatro profesional cumprirán co disposto no I Convenio colectivo de actores e actrices de teatro de Galicia (aprobado por resolución do 18 de marzo de 2009, da Dirección Xeral de Relacións Laborais) e as súas posteriores modificacións.
- As compañías inscritas na Rede Cultural, ben baixo o seu CIF ben baixo o doutra empresa que xestione a distribución do seu espectáculo, deberán presentar á Deputación da Coruña documentación que acredite a alta no censo de empresarios e profesionais (art. 3 do RD 1065/2007) e a súa dedicación a actividades escénicas e/ou culturais.
- Entregar ás persoas responsábeis da programación dos concellos, antes do comezo das funcións, copia dos documentos de alta na Seguridade Social das e dos profesionais que participan no espectáculo. A Deputación da Coruña, así mesmo, poderá desenvolver controis periódicos e aleatorios ás compañías antes do comezo dos espectáculos, en que serán solicitados os modelos de cotización RNT (Recibo Nominal de Traballadores e Traballadoras).
- Someterse ás actuacións de comprobación da Deputación, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes.
- Realizar as funcións nos lugares previstos.
- Aboar os gastos de transporte e seguros do equipo de actuación e material, gastos de persoal, impostos e Seguridade Social.
- Expedir facturas legais polas funcións realizadas e, se for o caso, a que corresponda do equipamento técnico necesario para a realización da función.
- Achegar todo o equipamento técnico necesario para poder facer a función (instrumentos, equipo de proxección, de son...), agás que o achegue o Concello.
- Deixar o local no estado en que o atoparon.

Obrigas da Deputación

- Desenvolver o control e seguimento da programación aprobada, así como garantir o seu correcto funcionamento e o cumprimento das obrigas laborais, técnicas e organizativas de cada unha das partes (concellos e artistas).
- Garantir a posibilidade de consulta pública, a través da súa web, da programación final aprobada para cada concello. Garantírase a posibilidade de acceso á información por artista ou compañía, data e espazo cultural/entidade/concello. Igualmente no apartado "Consulta de Actuacións" posibilitarase a consulta dos datos completos das fichas de cada espectáculo contratado.
- Desenvolver estratexias e iniciativas de difusión social da programación da Rede Cultural.

- Cofinanciar os espectáculos incluídos na Rede, mediante as achegas que correspondan segundo o sinalado na base 5.2.

-

5.-ASPECTOS COMÚNS A TODOS OS PROGRAMAS.

5.1.-PRAZOS.

Os prazos desta convocatoria serán os seguintes:

Primeira fase: inscrición de espectáculos

Inicio: o día seguinte ao de publicación desta convocatoria no BOP

Fin: 27 de decembro de 2017, ás 14.00 horas.

Segunda fase: solicitude de espectáculos

Inicio: 7 de febreiro de 2018, ás 00.00 horas.

Fin: 20 de febreiro de 2018, ás 14.00 horas.

Terceira fase: resolución

A resolución de adxudicación dos espectáculos realizarase antes do 22 de marzo de 2018.

Cuarta fase: xustificación

Inicio: o día seguinte ao da sinatura dos convenios.

Fin: 15 de febreiro de 2019.

5.2.-COFINANCIAMENTO DAS PROGRAMACIÓNS.

As porcentaxes de cofinanciamento entre a Deputación e os Concellos, en todos os programas, son os seguintes:

Concellos menos 5.000 hab.	75% Deputación
	25% Concello

Concellos 5.000- 10.000 hab.	60% Deputación
	40% Concello

Concellos 10.000-20.000 hab.	50% Deputación
	50% Concello

Concellos 20.000-50.000 hab.	40% Deputación
	60% Concello

Concellos máis de 50.000 hab.	30% Deputación
	70% Concello

A fórmula de cofinanciamento no programa ALICERCE no caso das entidades é a seguinte:

Entidade: 30% do importe do espectáculo

Deputación: 70% do importe do espectáculo

5.3.-ADXUDICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS.

A.-Caso de ser suficiente a disposición orzamentaria e despois de comprobar a corrección e adecuación das solicitudes ás normas da Rede Cultural, a Deputación poderá aprobar de forma íntegra a proposta de programación dos concellos e das entidades, sen necesidade de que exista unha valoración técnica da proposta.

B.—Caso de non ser suficiente a disposición orzamentaria para atender o conxunto de peticións ou se considere que non procede aprobar de forma íntegra as propostas de programación presentadas, nomearase unha Comisión Técnica da Rede Cultural, formada por tres persoas da área de Cultura da Deputación, que realizará unha proposta de adjudicación que terá en conta os seguintes criterios:

- Interese do/a solicitante en contar coa función: ata 45 puntos. Terase en conta para isto a prioridade sinalada na petición, de acordo coa seguinte ponderación:
 - 1.^a prioridade: entre 16 e 18 puntos
 - 2.^a prioridade: entre 10 e 11 puntos
 - 3.^a prioridade: entre 6 e 7 puntos
 - 4.^a prioridade: entre 4 e 5 puntos
 - 5.^a prioridade: entre 2 e 3 puntos

A partir da 6.^a prioridade ou sen prioridade: ata 1 punto.

- Distribución entre os espectáculos: ata 20 puntos.

Despois da puntuación das solicitudes de acordo co criterio anterior, e coa finalidade de proceder a unha distribución equilibrada das funcións entre os grupos, intérpretes, compañías ou empresas, distribuiranse os 20 puntos de forma inversamente proporcional ao número de espectáculos adjudicados a cada unha delas.

- Utilización da lingua galega na programación que se propón (como lingua da peza, na publicidade e promoción do espectáculo, ...): ata 15 puntos.
- Fomento dos valores da igualdade de xénero, o respecto medioambiental, a promoción da diversidade cultural e a inclusión social: ata 15 puntos.
- No programa ALICERCE aplicarase a distribución xeográfica: ata 5 puntos

Terase en conta a distancia entre os concellos do solicitante e do grupo, para os efectos de favorecer unha distribución equilibrada en todo o territorio da provincia. A distribución dos 5 puntos realizarase de forma inversamente proporcional á distancia entre concellos e procuraráse evitar a concesión de actuacións en concellos limítrofes ao concello do grupo.

A adjudicación das programacións finais realizarase mediante resolución da Presidencia, logo do informe previo da Sección de Cultura e da Comisión Técnica, no caso de que proceda.

Excluíranse aqueles concellos ou entidades que non cumprisen no ano anterior as obrigas derivadas da súa inclusión na Rede Cultural.

A resolución de adjudicación, por tratarse dun acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva e, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, notificarase mediante a publicación no Boletín Oficial da Provincia e producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará na páxina web da Deputación.

A falta de resolución expresa das solicitudes pola Deputación producirá efectos desestimatorios transcorridos nove meses contados dende a entrada en vigor do orzamento correspondente.

Quedarán excluídos da Rede Cultural os espectáculos incluídos noutros programas da Deputación.

5.4.—XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.

Concellos

- a) Os concellos aboaranlle a totalidade do importe da función a cada un dos grupos que lle fose concedido.
- b) A Deputación aboaralle aos concellos o importe da porcentaxe (base 5.2) de cada unha das funcións, que poderán ser xustificadas de xeito individualizado ou conxunto.
- c) Para o cobramento de cada unha das funcións, os concellos deberán achegar a seguinte documentación:
 - Copia do contrato suscrito entre o Concello e o grupo ou empresa e, se for o caso, copia compulsada da correspondente resolución da Alcaldía, en virtude do disposto nos artigos 111 e 138.3 do R.D.L. 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.
 - Certificación ou informe no que se acredite a realización da función concedida.
 - No caso de actuacións profesionais, certificación ou informe da comprobación das altas na Seguridade Social das e dos artistas participantes na función concedida.

d) Logo de que a Deputación aboe a función, o Concello remitiralle á Deputación, no prazo de dous meses, certificado de ter realizado o pagamento e, no caso de non facelo, iniciárase o correspondente expediente de reintegro pola cantidade aboada indebidamente

Entidades

a) A Deputación aboaralles directamente aos grupos o importe da porcentaxe correspondente.

b) Para o cobramento de cada unha das funcións, os grupos deberán presentar a seguinte documentación:

- Factura por importe da porcentaxe correspondente á Deputación.
- Xustificante do ingreso do importe que lle corresponde á entidade solicitante.
- Acreditación da realización das funcións concedidas: certificación, declaración ou informe que deberá ser expedido pola entidade solicitante, ou certificación do concello onde se realizou.
- Acreditación de estar ao corrente nas obrigas tributarias, coa Deputación e coa Seguridade Social. As certificacións acreditativas desta situación poderán ser solicitadas directamente pola Deputación en virtude da autorización dada polo grupo ou intérprete.

5.5.-ANULACIÓNS.

No caso de anulación de funcións por parte da entidade ou Concello solicitante por causas de forza maior, definidas no artigo 231 do R.D.L. 3/2011, do 14 de novembro, do texto refundido da Lei de contratos do sector público, o/a intérprete terá dereito a percibir unha indemnización co límite máximo do 50% do importe da función, que lle será aboada pola Deputación e polo Concello ou entidade solicitante, de acordo coas porcentaxes de pagamento fixadas na base 5.2. No suposto de cancelación unilateral inxustificada, a indemnización ascenderá á totalidade do importe da función e pagarana o Concello ou a entidade solicitante.

No caso de anular unha función o/a intérprete, compañía ou empresa, o Concello terá dereito a ser indemnizado polos danos ocasionados (gastos de contratación de persoal, publicidade etc.) cun límite máximo equivalente ao importe indicado para as especificacións técnicas do espectáculo, ademais de non poder participar na próxima convocatoria, agás nos supostos de forza maior indicados do citado artigo 231.

Para cuantificar a indemnización presentaranse xustificantes cos gastos ocasionados pola anulación.

5.6.-INCUMPRIMENTOS E SANCIÓNS.

Consideraranse incumprimento das bases da convocatoria as accións e omisións que se indican deseguido, que darán lugar á imposición das sancións que se indican:

Incumprimentos leves

a) A presentación da documentación xustificativa despois do prazo establecido na base 5.1, que dará lugar á imposición das seguintes sancións:

- Se a documentación se presentar entre o 16 de febreiro e o 15 de marzo do exercicio seguinte ao da convocatoria, multa por importe equivalente ao 5% do importe da achega da Deputación nas funcións xustificadas fóra de prazo.
- Se a documentación se presentar entre o 16 de marzo e o 15 de abril do exercicio seguinte ao da convocatoria, multa por importe equivalente ao 10% do importe da achega da Deputación nas funcións xustificadas fóra de prazo.
- Se a documentación se presentar entre o 16 de abril e o 15 de maio do exercicio seguinte ao da convocatoria, multa por importe equivalente ao 15% do importe da achega da Deputación nas funcións xustificadas fóra de prazo.
- Se a documentación se presentar entre o 16 de maio e o 30 de setembro do exercicio seguinte ao da convocatoria, multa por importe equivalente ao 30% do importe da achega da Deputación nas funcións xustificadas fóra de prazo.

Despois desta data non se fará ningún pagamento.

b) A asistencia dos grupos e intérpretes á actuación con menos membros dos certificados na solicitude, sen causa xustificada, que dará lugar á imposición dunha multa por importe equivalente ao 5% da cantidade que debe aboar a Deputación.

Incumplimentos graves

a) A falta da sinatura do convenio polos concellos e entidades solicitantes das funcións, que dará lugar á súa exclusión da participación neste programa na próxima convocatoria. Ademais, deberán aboar o importe total da actuación e excluír a Deputación de calquera responsabilidade.

b) A falta de presentación da documentación acreditativa da realización da funcións polas entidades solicitantes das actuacións, que dará lugar á súa exclusión da participación neste programa na próxima convocatoria.

c) A falta de pagamento da porcentaxe do caché que lles corresponde por parte dos concellos e entidades solicitantes das funcións, que dará lugar á súa exclusión da participación neste programa na próxima convocatoria.

d) Calquera modificación do caché indicado na solicitude de participación, sen xustificar, dará lugar á exclusión da participación na próxima convocatoria.

A Coruña, 12 de decembro de 2017.

O presidente

Valentín González Formoso

O secretario

José Luis Almau Supervía

2017/10617